



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música
“Cantiga”
Ourense**

**Adaptación Programación Didáctica
Piano
Departamento Tecla
Data: 11 Maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesores:

Xairo Currás Porto

Christian Casas Hernández

MATERIA: PIANO

Marco normativo

Orde EFP/365/2020 publicada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, e Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Criterios de avaliación e mínimos esixibles.

Criterios de avaliación.

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e,

con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas o seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio a obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao xesto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

Mínimos esixibles.

PRIMEIRO CURSO GRAO ELEMENTAL

1. Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
2. Asentamento das bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
3. Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
4. Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
5. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obter una boa calidade de son.
6. Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distintas intensidades entre ambas mans.
7. Interpretación dun repertorio de obras, de dificultade adecuada ao nivel.
8. Adestramento progresivo da memoria.
9. Desenvolvemento de hábitos de estudo correctos e eficaces.

SEGUNDO CURSO GRAO ELEMENTAL

O curso 2º é basicamente unha profundización e unha ampliación dos seguintes puntos con respecto ao curso anterior:

1. Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
2. Asentamento das bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
3. Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.

4. Practica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
5. Iniciación ao estudo dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (boneca, cóbado, ombro).
6. Iniciación ao coñecemento dos diferentes modos de ataque.
7. Desenvolvemento de la sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obter unha boa calidade de son.
8. Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distintas intensidade entre ambas mans.
9. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio pianístico, que abarquen épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
10. Iniciación á comprensión das estruturas musicais: motivos, temas períodos, frases, seccións..., para chegar a unha interpretación consciente.
11. Adestramento progresivo da memoria.
12. Desenvolvemento de hábitos de estudo correctos e eficaces.
13. Iniciación ó arte de frasear.

TERCEIRO CURSO GRAO ELEMENTAL

Este curso consiste nunha profundización e aplicación dos seguintes puntos con respecto ao anterior:

1. Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
2. Asentamento das bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
3. Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
4. Practica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
5. Profundidade no estudo dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (boneca, cóbado, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación.
6. Iniciación ao coñecemento dos diferentes modos de ataque.

7. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obter unha boa calidade de son.
8. Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distintas intensidades entre ambas mans.
9. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio pianístico, que abarquen épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
10. Desenvolvemento na comprensión das estruturas musicais: motivos, temas períodos, frases, seccións..., para chegar a unha interpretación consciente.
11. Adestramento progresivo da memoria.
12. Desenvolvemento de hábitos de estudo correctos e eficaces.
13. Desenvolvemento no arte de frasear.
14. Coñecemento do pedal a tempo, a contratempo e sincopado.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Avaliación e cualificación

Procedementos e ferramentas de avaliación.

- Probas escritas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)
- Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións)
- Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/vídeo) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

- Traballos de desenvolvemento: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

Cualificación final.

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia e poderá incrementarse en “2” puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Proba extraordinaria de setembro.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será no mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá na execución e interpretación como solista de, como mínimo, tres obras (unha delas de memoria), de diferentes estilos e representativas do seu nivel no instrumento, baseadas nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Precisión técnica 50%
- Interpretación 50% (son, musicalidade, fraseo, interpretación).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación.

Neste caso concreto non procede establecer a avaliación de materias pendentes.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

Actividades.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Levaranse a cabo as seguintes actividades tal como:

- Exercicios de relaxación, así como dos indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental, e procura dun equilibrio satisfactorio entre ambos os factores.
- Exercicios para utilización consciente do peso do brazo.
- Práctica de desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- Planificación do traballo da técnica, tendo en conta os seguintes principios xerais:
- Práctica da técnica dixital dirixida a incrementar a independencia, a velocidade, a resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Estudo dos movementos posibles a partir das articulacións do brazo (pulso, cóbado, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e toda a combinatoria que permiten.
- Percepción clara de que a interacción permanente deses tipos de accións constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.
- Estudo dos principios da dixitación pianística e o seu desenvolvemento, en función da complexidade progresiva das dificultades que cumpra resolver.
- Exercicios para desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- Exercicios para modos de ataque e de articulación en relación coa dinámica, a condución da frase e a densidade da textura musical.
- Exercicios para desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans ou entre os dedos dunha mesma man, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica que resulta indispensable nun instrumento polifónico como o piano, xa se trate da relación entre melodía e acompañamento, ou xa de formas contrapuntísticas de maior ou menor complexidade.
- Exercicios e práctica dos pedais.
- Exercicios para a comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Exercicios de memoria.

- Desenvolvemento de hábitos correctos e eficaces de estudo, estimulando a concentración, o sentido de autocrítica e a disciplina no traballo.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).

A materia impartirase fundamentalmente a través de exercicios de técnica, audicións, e da interpretación instrumental, de partituras adaptadas ao nivel do alumno para a súa interpretación.

Principios metodolóxicos

- A actividade. A asignatura de Piano complementario levarase a cabo de forma activa, de xeito que a meirande parte do tempo adicarse á realización de actividades por parte do alumnado.
- A unidade de teoría e práctica. A súa tradicional separación non facilita a fixación do aprendido no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para mesturar a práctica e a teoría a través da actividade, é necesario un principio de intervención educativa baseado na investigación persoal, por parte da docencia, e dos/das discentes de forma individual e grupal.
- A atención personalizada. En todo momento terase en conta a dimensión individual e afectiva de cada alumno, valorando os avances que realice dende os seus coñecementos iniciais (detectados na avaliación diagnóstica), e tendo en conta as súas capacidades.
- A creatividade, mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...). Para elo terase en conta que tódalas persoas posúen unha creatividade innata, relacionada co momento evolutivo que viven.
- A socialización, ademais de potenciar as relacións do grupo entre si e o traballo en equipo, facilitarase o contacto co exterior (asistencia a audicións, concertos, saídas didácticas...), proporcionándolle as pautas de conducta necesarias para asistir a este tipo de eventos.
- A interdisciplinaridade. A relación con outras materias é mais que destacada, polo que se poderán aproveitar os numerosos puntos de contacto co currículo das outras asignaturas, especialmente de Acompañamento e Análise.
- A globalización. A diferenza de outras áreas, que posúen bloques de contidos máis independentes, a de “Piano complementario” amosa unha relación continua entre eles. Esta relación facilitará a existencia dunha aprendizaxe global, funcional e significativa.
- A transversalidade. Xeralmente partírase dos procedementos para chegar ós conceptos prestando unha gran atención ás actitudes como corresponde a unha materia de índole práctica, que incide enormemente na educación do espírito e do intelecto.
- O entorno sociocultural, tendo en conta os recursos didácticos que poida ofertar, como centros académicos (outros conservatorios, escolas de música), agrupacións (bandas,

orquestras, coros, agrupacións de música tradicional e popular...), emisoras de radio e televisión, prensa, salas de concertos,...

Métodos didácticos

Os métodos didácticos a empregar son:

- Método de proxectos: prantexa ó alumnado situacións complexas con vistas a que tenten resolvelas dunha maneira creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias crenzas. Non se proporcionarán directamente os coñecementos senón que ensinaráselles a manexar os que xa posúen, para que poidan descubrir, coa axuda do profesor, outras cousas. Este método é moi útil por tratarse dunha asignatura de índole práctica.
- Aprendizaxe por descubrimento: a base deste traballo é observar e rexistrar información de forma sistemática, información da que logo se poidan extraer conclusións. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalos a manexar os que xa teñen. Esta aprendizaxe por descubrimento supón que:
 - O contido principal a aprender non se da, hai que descubri-lo.
 - Existe unha etapa de tanteo, anterior á captación do significado.
 - É necesaria unha etapa de interiorización da información descuberta.

Será habitual cos métodos didácticos sexan medios de traballo comúns ante algunhas unidades.

Modelo de aprendizaxe

O modelo a empregar baséase na aprendizaxe significativa, dende o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumno, desenrolaranse contidos de forma estruturada, de modo que a posibilidade de construír novas aprendizaxes depende do xa aprendido (aprendizaxes en “espiral”), tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender.

Sobre a base deste principio terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras
- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa aprendidos, especialmente aqueles que debido a súa índole práctica, foran interiorizados e automatizados
 - Garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral
 - Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

A metodoloxía será 100% online. Co fin de conseguir un ambiente flexible, dinámico, participativo e enriquecedor, o curso celebrarase nunha plataforma online (Skype), a través da cal o alumno poderá contactar cos profesores en todo momento, así como con resto dos alumnos.

Toda a documentación de cada clase estará dispoñible nesta plataforma para que o alumno poida descargala e estudala dun xeito cómodo e sinxelo, en calquera lugar e momento.

Por outra banda, para enriquecer a formación que se ofrece, hai chats dinámicos e de debates entre profesores e alumnos nos que se resolverán dúbidas e incidencias.

Materiais e recursos.

Tanto os profesores como os alumnos disporán de diversos recursos materiais e telemáticos para facilitar a comunicación, a fluidez e o desenvolvemento das clases.

Recursos Materiais:

- ordenador
- Tableta
- Teléfono móbil
- Micrófono
- Auriculares
- Teclado electrónico
- Piano ou teclado.
- Libro de Texto, partituras.

Recursos Telemáticos:

- Conexión a Internet
- Plataforma online
- Skype
- WhatsApp
- Correo electrónico

Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “Skype” tendo en conta que é o mecanismo oficial do Centro e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, chats e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Publicidade.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepcionadas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

CUARTO CURSO GRAO ELEMENTAL

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

- 1) Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- 2) Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- 3) Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- 4) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cog-

nitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- 5) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- 6) Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas o seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio a obra estudiada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- 7) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao esto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

Mínimos esixibles

- 1) Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- 2) Bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- 3) Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- 4) Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- 5) Desenvolvemento no estudo dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (boneca, codo, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e de todas as súas combinacións posibles, coa clara percepción de que eses diferentes tipos de movementos constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.
- 6) Desenvolvemento no coñecemento dos diferentes modos de ataque. Concepto do XESTO.

- 7) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obter unha boa calidade de son.
- 8) Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distintas intensidades entre ambas mans e entre os dedos dunha mesma man, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica que resulta indispensable nun instrumento polifónico, xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de prantexamentos contrapuntísticos de maior a menor complexidade.
- 9) Selección progresiva en cuanto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio pianístico, que abranguen épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- 10) Desenvolvemento na comprensión das estruturas musicais: motivos, temas períodos, frases, seccións, para chegar a unha interpretación consciente.

O grao de profundización estará baseado soamente na primeira e segunda avaliación.

Ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

Incorporase, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puido desenvolver.

O traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación correspóndese cos seguintes contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Desenvolvemento no estudo dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (boneca, codo, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movemen-

tos circulares e de rotación, e de todas as súas combinacións posibles, coa clara percepción de que eses diferentes tipos de movementos constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.

- Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distintas intensidades entre ambas mans e entre os dedos dunha mesma man, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica que resulta indispensable nun instrumento polifónico, xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de prantexamentos contrapuntísticos de maior a menor complexidade.
- Selección progresiva en cuanto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio pianístico, que abranguen épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Desenvolvemento de hábitos de estudo correctos e eficaces.

As partes do currículo que non se poideron desenvolver e que se incorporarán á programación do vindeiro curso son:

- Desenvolvemento na comprensión das estruturas musicais: motivos, temas períodos, frases, seccións, para chegar a unha interpretación consciente.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Desenvolvemento na arte de frasear.
- Desenvolvemento na utilización do pedal a tempo, a contratempo e sincopado.
- Desenvolvemento no coñecemento dos diferentes modos de ataque. Concepto do XESTO.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obter unha boa calidade de son.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Procedementos: Terase en conta o traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (os medios utilizados poden consultarse no apartado da metodoloxía)) traballos de

repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes **herramientas**:

- **Pruebas de audición:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (Skype ou correo electrónico) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)
 - Diarios escolares onde apuntar as actividades realizadas en clase
 - Cadernos de clase, libretas de exercicios e apuntes
- **Pruebas orais:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e poderanse realizar por vía telemática (videoconferencia) para o reforzo/ampliación/recuperación, a partir da declaración do estado de alarma, pero nunca minorando as cualificacións.
- **Observación sistemática:** utilizarase este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.
- **Técnicas audiovisuais:** enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/vídeo) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).
 - Gravacións en audio, vídeo ou soporte informático
- **Informes:** a partir da declaración do estado de alarma, o alumno recibirá periódicamente informes personalizados por calquera das vías telemáticas utilizadas polo centro, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

Cualificación final

- Será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os atrasos que se puidesen producir así coma planificar medidas de recuperación de cara ao curso 2020/21
- Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre e que se detallan no apartado 3.
- As actividades de ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre servirán unicamente para favorecer ao alumnado.
- Considerarase positivo:
 - Realizar as actividades propostas.

- Entregar as tarefas en prazo.

Poderase incrementar en **1'5** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Recuperación da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e o envío de gravacións de audio/vídeo que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

Ademais das clases telemáticas poderanse propoñer as seguintes probas (que se realizarán de xeito telemático) e que se axuntarán á materia desenvolvida durante a 1ª e 2ª avaliación:

- Obras propostas polo docente para proba en vivo (35% da nota)
- Adecuación da interpretación a diferentes estilos (35% da nota)
- Traballo de investigación e desenvolvemento (20% da nota)
- Actitude de superación e capacidade de mellora (10% da nota)

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva de 5 ou superior na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá na realización dunha serie de exercicios prácticos e estará baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación:

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Obras propostas polo docente para proba en vivo (35% da nota)
- Adecuación da interpretación a diferentes estilos (35% da nota)
- Traballo de investigación e desenvolvemento (20% da nota)
- Actitude de superación e capacidade de mellora (10% da nota)

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

Avaliación de materias pendentes

Neste caso concreto non procede establecer a avaliación de materias pendentes

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación).

Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares que os alumnos realizarán de xeito telemático.

Entre as propostas de actividades:

- Lectura de diferentes fontes de información

- Elaboración de mapas mentais con ideas interpretativas en consonancia ca época na que foi escrita obra
- Resolución de exercicios e actividades teóricas e prácticas propostos polo profesor
- Audicións das obras a interpretar.

Materiais e recursos

Profesorado:

- Teléfono móbil
- Ordenador, escáner, impresora
- Conexión a internet
- Skype, Webex, Zoom, correo electrónico, WhatsApp
- Libros de texto, partituras

Alumnado:

- Dispositivo para conexión a internet
- Skype e/ou Webex, Zoom, correo electrónico, WhatsApp
- Partituras enviadas polo profesor

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias

As principais vías de comunicación có alumnado e familias son:

- Email
- Chamadas, videochamadas
- WhatsApp
- Plataforma Skype, Zoom

Farase un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Publicidade

O Centro informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email, mensaxe ou chamada telefónica.

Así mesmo, a presente programación didáctica, publicarase na páxina web do Centro có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

PRIMEIRO CURSO GRAO PROFESIONAL

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

- 1) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- 2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- 3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- 4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
- 5) Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
